

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CAMINO ESCENA NORTE AIE PARA O DESENVOLVEMENTO EN GALICIA DO PROGRAMA DE INTERCAMBIO CULTURAL "CAMIÑO ESCENA NORTE 2023"

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Por unha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), actuando por delegación do Consello Reitor da Axencia, en virtude do disposto no Decreto 150/2021, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais e na resolución do 24 de xullo de 2012 (Diario Oficial de Galicia do 29 de agosto de 2012).

Por outra banda, Idoia Ayestarán Aristoy, administradora de Camino Escena Norte AIE (en adiante a entidade), con NIF V95958914, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido nos seus estatutos e no certificado do órgano de administración de Camino Escena Norte de data 16 de xullo de 2021.

As partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Axencia Galega das Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

SEGUNDO. Camino Escena Norte AIE é unha agrupación de interese económico con personalidade xurídica e carácter mercantil constituída, segundo os seus estatutos, para organizar, xestionar e producir o proxecto "Camiño Escena Norte", xa sexa de maneira unipersonal ou en colaboración con outras entidades, así como a xestión dos dereitos de propiedade intelectual e industrial que se deriven, e que engloba as entidades Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación de Compañías Profesionais de Artes Escénicas de Asturias (Escena Asturias), Asociación Cántabra de Empresas Productoras de Artes Escénicas (ACEPAE) e Empresas de Producción Escénica Asociadas de Euskadi (ESKENA).



TERCEIRO. Camiño Escena Norte é un proxecto cultural froito da unión estratéxica das asociacións profesionais de produción escénica das comunidades do Norte polas que transcorre o Camiño do Norte: Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco, ás que se suma nesta edición Navarra a través de ESNA (Asociación Empresarial Escena Navarra). Esa unión estratéxica suma máis de 130 compañías produtoras de teatro, monicreques, danza e novo circo, que reflicten a enorme calidade, variedade e diversidade das artes escénicas galegas, asturianas, cántabras, vascas e navarras.

Camiño Escena Norte, que cumpre este ano a súa quinta edición, articúlase ao redor dun itinerario de intercambio cultural entre estas comunidades ofrecendo un "camiño escénico" dende o que amosar a diversidade cultural, lingüística e de formatos e linguaxes escénicas da produción escénica galega, asturiana, cántabra, vasca e navarra. Un proxecto que suma á súa vertente cultural a dinamización social e profesional e de intercambio entre as cinco comunidades autónomas participantes, cunha intensa programación escénica desenvolvida baixo a denominación "Itinerario Constelacións 2023", eixe vertebrador do programa, que pretende, ademais, multiplicar as posibilidades de relación co público con actividades de encontro e reflexión, de creación ou de participación. Entre setembro e outubro, un itinerario de funcións de teatro, danza, monicreques e novo circo percorrerá os cinco territorios, complementado cunha extensa programación expandida coa intención de amosar o mellor das artes escénicas de cada un dos territorios participantes.

Galicia súmase a este programa de intercambio cultural acollendo un itinerario de funcións do mellor das artes escénicas asturianas, cántabras, vascas e navarras, dende as que amosar a calidade, diversidade de linguaxes a estéticas e valor cultural das artes escénicas das comunidades do Norte.

CUARTO. Que a Agadic e a Camiño Escena Norte AIE consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2023 que afonden na promoción e potenciación do sector escénico a través da colaboración neste evento, que destaca pola súa aposta por acadar unha maior interacción entre profesionais e público dos distintos territorios que atravesa a ruta histórica do Camiño do Norte, que debe derivar, de certo, nunha maior riqueza na oferta cultural para os espectadores, que poden ter acceso, así, a producións escénicas doutros territorios, e enriquecendo deste xeito a proposta cultural do Camiño á vez que o potencia como destino turístico-cultural.

Coa participación neste proxecto, a Agadic cumpre tamén os seus obxectivos de garantir o progreso da cultura galega, e nomeadamente a normalización e o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o diálogo intercultural en condicións de igualdade e respecto con identidades diferentes nun contexto globalizado. Impulsa a participación, consolidación e cooperación das empresas e profesionais na produción, creación, conservación, difusión e comercialización do patrimonio cultural galego, nun mercado dinámico, sustentable e plural que fomenta a participación cidadá e remove os obstáculos xeográficos, físicos, educativos, sociais ou económicos que poden dificultar o acceso á cultura, a vez que fomenta a demanda de produtos culturais na sociedade galega.

QUINTO. Este convenio de colaboración enmárcase na liña 3 –*Dinamización de asociacións, federacións e colectivos do sector escénico, musical e audiovisual*– da planificación estratéxica da Agadic de actuacións de fomento de actividades mediante convenios de colaboración con fins culturais con



entidades de carácter cultural e corporacións locais para o ano 2023, aprobada o 14.2.2023 e modificada por resolución do 28.4.2023.

Este instrumento de colaboración enmárcase dentro programa de gasto da Agadic 432B–*Fomento das actividades culturais*–, cuxo obxectivo principal se centra en desenvolver as grandes liñas de actuación para o apoio á cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo. Este programa de gasto está aliñado coas liñas e obxectivos estratéxicos delimitados na Estratexia da Cultura Galega 21, para garantir a máxima difusión da actividade cultural en todo o territorio de Galicia e entre toda a cidadanía, ademais de asentar un tecido social e empresarial significativo e produtivo nos sectores da cultura galega.

SEXTO. O esforzo no fomento dun ámbito como o escénico realizado pola entidade coa organización deste programa coincide coa liña de difusión e promoción da cultura galega que a Agadic está a levar a cabo, de aí que considere fundamental a colaboración mutua nestas iniciativas, que garanten a calidade, profesionalidade e o éxito, sen dúbida, do programa. E Camino Escena Norte AIE é quen de producir unha ampla e variada programación escénica ao ser o paraugas dunha alta porcentaxe do sector escénico dos cinco territorios.

O carácter representativo da entidade, a exclusividade como organizadora do programa, e dada tamén a especificidade das actuacións de que se trata, o seu interese cultural e social, así como a inclusión desta actividade de fomento na planificación estratéxica da Agadic, xustifican a imposibilidade de concorrencia pública, ao ser as únicas actividades deste tipo que se desenvolven na comunidade autónoma con estas especiais e singulares características.

Unha maior eficacia dos recursos dispoñibles fai necesaria a estreita colaboración coas asociacións, fundacións e institucións para que, en cada ámbito respectivo de actuación, se poidan realizar, sumando e compartindo esforzos, as actividades culturais que se estimen de interese e utilidade social e cultural. Doutro xeito non sería posible para a Agadic asumir en solitario os custos de todas as actividades culturais que se consideran esenciais para o desenvolvemento cultural en Galicia. E son estes convenios ferramentas imprescindibles de colaboración que axudan a equilibrar os custos e as necesidades ademais de garantir a calidade dos eventos e das súas programacións.

Polo anteriormente exposto, as partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto, acordan as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Agadic e Camino Escena Norte AIE para o desenvolvemento en Galicia do programa de intercambio cultural "Camión Escena Norte 2023".



SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

O programa "Camiño Escena Norte" concrétase en Galicia coa programación de doce funcións de compañías de artes escénicas procedentes de Asturias (Luz de Gas Teatro, Santantes Teatro e Proyecto Piloto), Cantabria (Ábrego Teatro, Malabaracirco e Mari Paula Dance & Performance), País Vasco (Cía. Eva Guerrero, Aboon Teatro e Tanttaka Teatro) e Navarra (Levelibular), baixo a denominación "Itinerario Constelacións", que se poderán ver en diferentes espazos escénicos ou ben en espazos de alto interese patrimonial e histórico e espazos ao aire libre entre o 17 de setembro e o 22 de outubro de 2023:

Santiago de Compostela_Praza da Quintana_17 setembro_20.30 h
*Gorpuztu*_CÍA EVA GUERRERO (EUS)

Arzúa_Capela da Madalena_23 setembro_18.00 h
*Luna*_LUZ DE GAS TEATRO (AST)

Mondoñedo_Praza da Catedral_24 setembro_13.00 h
*Portamundos*_LEVELIBULAR (NAV)

Melide_Auditorio Centro Sociocultural Mingos de Pita_30 setembro_20.30 h
*Lear en las catedrales*_ÁBREGO TEATRO (CANT)

Ribadeo_Auditorio Hernán Naval_1 outubro_20.30 h
*Lear en las catedrales*_ÁBREGO TEATRO (CANT)

Ames_Auditorio do Milladoiro_6 outubro_18.00 e 19.00 h (dous pases)
*Baby Esferic*_ABOON TEATRO (EUS)

Viveiro_Teatro Pastor Díaz_13 outubro_20.30 h
*Sexpertos*_TANTTAKA TEATROA (EUS)

Carballo_Auditorio Pazo da Cultura_14 outubro_20.30 h
*Sexpertos*_TANTTAKA TEATROA (EUS)

Vimianzo_Auditorio da Casa da Cultura_14 outubro_20.30 h
*Misery*_SALTANTES TEATRO (AST)

Portomarín_Praza do Camiño_15 outubro_18.00 h
*Circus Magnificus*_MALABARACIRCO (CANT)

Lugo_Auditorio Gustavo Freire_20 outubro_20.30 h
*La bestia negra*_PROYECTO PILOTO (AST)

Santiago de Compostela_Museo Gaiás (Cidade da Cultura de Galicia)_22 outubro_20.30 h
*Fronterizas*_MARI PAULA DANCE & PERFORMANCE (CANT)

TERCEIRA. OBRIGA DAS PARTES

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas pola entidade nun proceso de colaboración continua coa Agadic.

Serán obrigas da entidade:

1. A dirección artística do proxecto e a selección dos espectáculos programados baixo criterios de calidade, diversidade de linguaxes e estéticas e valor cultural.
2. A selección dos distintos espazos onde se desenvolven as actuacións.
3. A coordinación e desenvolvemento dos diferentes espectáculos e apoio técnico na posta en escena dos espectáculos nos distintos espazos de exhibición.



4. A difusión axeitada do programa, coa elaboración de materiais de difusión específicos, dando publicidade da colaboración pública nas actividades conveniadas. Para estes efectos, todos os materiais ou soportes de difusión, impresos e en liña, deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo co seu manual de identidade corporativa.
5. A comunicación á Agadic dos horarios e localizacións concretas de cada unha das actuacións con antelación suficiente, incluídos as das compañías galegas, así como as modificacións que puidesen existir sobre a programación inicialmente presentada.
6. O cumprimento da lexislación vixente en materia de riscos laborais e seguridade nas actividades desenvolvidas.
7. A correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de propiedade intelectual.
8. A acreditación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma.
9. A comunicación á Agadic da obtención de subvencións, axudas, ingresos ou outros recursos que financien a actividade conveniada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados. Esta comunicación debe efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.
10. O reintegro das cantidades que, no seu caso, se adiantaran pola Agadic, no suposto de que, por calquera circunstancia, as actividades obxecto deste convenio non foran realizadas ou non se axustaran ao plan previsto.
11. Someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

Serán obrigas da Agadic:

1. Aboar a achega económica comprometida para o desenvolvemento de actuacións previstas no convenio de colaboración.
2. Apoio nos procesos de comunicación do programa.

CUARTA. RÉXIME ECONÓMICO

1. Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas a Agadic realizará unha achega de **44.000 euros**, impostos incluídos, con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.640.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, nas que existe crédito axeitado e abondo.
2. O orzamento total das actividades do proxecto é de 46.436,38 euros IVE incluído (41.864,75 euros sen IVE) consonte a seguinte desagregación:



GASTOS	IMPORTE sen IVE	IMPORTE con IVE
Cachés espectáculos	27.889,75	30.935,31
Gastos derivados da xestión de dereitos de propiedade intelectual	1.000	1.109,20
Coordinación do programa	4.750	5.268,70
Produción e asistencia técnica	4.500	4.991,40
Administración e xestión	3.725	4.131,77
TOTAL	41.864,75	46.436,38

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

4. No caso de que o importe de xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do orzamento presentado, a achega da Agadic diminuírase proporcionalmente.

5. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o **7 de decembro de 2023**. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, estas poderanse presentar como data límite o 15 de febreiro do ano 2024.

QUINTA. CONDICIÓN DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

A entidade deberá xustificar o custo total da actividade.

1. Da achega comprometida pola Agadic (44.000 euros) poderanse facer pagamentos parciais que respondan ao ritmo de execución da actividade como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á colaboración.

A este respecto, admitirase a realización dun pagamento parcial, previa petición da entidade, por importe de ata 22.000 euros, logo de realizarse as funcións que correspondan á dita cantidade, para afrontar os pagamentos correspondentes ás funcións desenvolvidas e gastos de coordinación e de administración e xestión do programa. A entidade deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións realizadas co custo das actividades, acompañada das certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A cantidade restante aboarase logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

a. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia, segundo o seu manual de identidade corporativa.

b. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:



- Unha relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.
- Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias, polo que todas as facturas ou documentos de gasto se deberán presentar xunto co correspondente documento bancario xustificativo.
- No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá xuntarse, ademais, acreditación da súa titularidade. A tarxeta debe estar asociada á conta da entidade beneficiaria. Non se admitirán pagamentos mediante tarxetas non asociadas á conta da entidade.
- Para os gastos de desprazamento, se os houberse, admitirase como documento de gasto unha axuda de custo en que quede perfectamente identificado quen realiza o pagamento (a entidade) e o destinatario, asinado por ambas as partes. Neste documento deberase especificar o motivo do desprazamento, as datas das viaxes, orixe e destino, quilómetros totais no seu caso, e outros gastos asociados á viaxe de ser o caso (peaxe, aparcamento...) e deberá acompañarse cos documentos acreditativos que se relacionen na axuda de custo. En caso de vehículo particular, a cantidade que se admitirá por cada quilómetro será de 0,19 euros. Deben acompañarse, como o resto dos gastos, das certificacións bancarias dos pagamentos.
- Para os gastos de aloxamento, restauración e mantenza, só se admitirán aqueles gastos que figuren pagados pola entidade beneficiaria, polo que non se admitirán gastos que non fosen aboados directamente pola entidade aos distintos provedores dos servizos.

Exclusivamente para os gastos de restauración e mantenza, en casos excepcionais en que se xustifique por parte da entidade beneficiaria a imposibilidade de obter a correspondente factura ordinaria, poderase admitir a xustificación do gasto mediante a achega de factura simplificada, que en ningún caso se pode aboar en metálico e na que deben figurar aqueles datos necesarios que vinculen como pagadora a entidade beneficiaria, así como o tipo de IVE aplicado, ademais dos datos fiscais do emisor, identificación do produto ou servizo prestado, importe total, número de serie e data. A xustificación destes gastos con facturas simplificadas debe restrinxirse unicamente a aqueles casos excepcionais en que se xustifique debidamente que non se puido obter a factura ordinaria correspondente.

Na memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados que a entidade debe entregar como parte da documentación xustificativa, debe fundamentarse a necesidade destes gastos relativos a aloxamentos, restauración e mantenza e especificar as persoas que os xeraron e a súa relación coa actividade conveniada.

- En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC, TC1]).



- En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso.
 - Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades coa explicación das desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente.
- c. Declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade conveniada.
- d. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
 - Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
 - Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.
- A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso esta deberá achegar a documentación referida.
- e. Documentación acreditativa de atoparse acollida ao réxime de exención do IVE, ou pro rata, no seu caso.
3. A documentación correspondente á xustificación presentarse de forma electrónica a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>). En canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deberán entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada.
4. A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas, segundo a memoria presentada, sen que haxa beneficio económico de ningún tipo por parte da entidade, e en ningún caso existirá ánimo de lucro xerado polas actividades desenvolvidas nin beneficio industrial ningún.
5. No caso de incumprimento da obriga de dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de convenio (coa inclusión en toda a documentación e soportes de difusión das actividades, impresos e en liña, do logotipo da Xunta de Galicia, reducirase un 2 % o importe da achega, e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas nesa proporción.
6. O prazo para presentar a documentación xustificativa por parte da entidade remata o **7 de decembro de 2023**.



SEXTA. DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e da entidade. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e as partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, as partes comprométense a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso as entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

SÉTIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

OITAVA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

NOVENA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Agadic– coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive deste convenio.

Os datos de carácter persoal que deriven das actuacións desenvolvidas directamente polas entidades, serán tratados por esta na súa condición de responsable do tratamento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



3. Os datos recadados pola Agadic serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.
4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.
5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
6. Así mesmo, as entidades convenientes someteranse ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:
 - a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
 - b) O acordo mutuo.

En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

3. O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará a outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizarán a correspondente liquidación en relación cos gastos efectivamente executados polas entidades e debidamente xustificados ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros que foran debidamente acreditados.
4. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade e Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade e financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

1. A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio.



2. Para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio créase, de acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

A estes efectos, e no ámbito desta comisión mixta de seguimento, as partes manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo, nun proceso de colaboración mutua entre ambas as partes.

3. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- A persoa titular da Presidencia da entidade ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que a substitúa.
- A persoa titular da Dirección da Agadic actuará como Presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.
- Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario da Agadic.

DÉCIMO SEGUNDA. NATUREZA XURÍDICA

1. Este convenio ten carácter administrativo e rexerese polas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e demais normativa de aplicación.

2. Así mesmo, este convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

POLA AGADIC

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic
(P.D. do presidente do Consello Reitor
da Agadic, DOG 29/08/2012)

POR CAMINO ESCENA NORTE AIE

Idoia Ayestarán Aristoy
Administradora

